

## ADDENDA NÚM. 2 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

### REUNIDOS

Dunha parte María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, José Luís Suárez Martínez, alcalde-presidente do concello de Monterrei, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para o efecto,

### EXPOÑEN

I.- O 25 de maio de 2022 asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Monterrei para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, modificado pola addenda núm. 1 asinada o 10 de abril de 2025.

II.- Na cláusula segunda do acordo vixente establécese a achega da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, para levar a cabo as actuacións, coa súa distribución por anualidades do seguinte xeito:

Anualidade 2022	25.537,80 €
Anualidade 2023	25.537,80 €
Anualidade 2024	Sen dotación
Anualidade 2025	25.537,80 €
Anualidade 2026	51.075,60 €

III.- O Concello de Monterrei, mediante escrito do 6 de outubro de 2025, solicitou a reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.

A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 9 de marzo de 2026, á vista do exposto polo concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades, co fin de adaptar o investimento á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.



IV. As modificacións que se pretenden non varían o obxecto do convenio manténdose inalterables os exercicios orzamentarios previstos no convenio. Polo tanto, a aprobación do expediente non precisa autorización do Consello da Xunta.

Polo exposto, procede modificar o convenio vixente para adaptar os compromisos establecidos para cada unha das partes intervenientes no mesmo á nova programación dos traballos.

En consecuencia, as partes acordan subscribir a Addenda núm. 2, para a modificación e ampliación da vixencia do convenio que se rexerá polas seguintes

### CLÁUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula segunda. Compromisos da Xunta

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume os seguintes compromisos:

**1.-** Contribuír ao financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo cento vinte e sete mil seiscientos oitenta e nove euros (127.689,00 €), equivalente ao 100% do custo de redacción do PXOM, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídas nas seguintes anualidades:

Anualidade 2022	25.537,80 €
Anualidade 2023	25.537,80 €
Anualidade 2024	Sen dotación
Anualidade 2025	Sen dotación
Anualidade 2026	25.537,80 €
Anualidade 2027	51.075,60 €

Os aboamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- a) 25.537,80 euros logo da sinatura do contrato.
- b) 25.537,80 euros, logo da entregado borrador do plan e do documento inicial estratéxico para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.
- c) 25.537,80 euros, logo de certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública.
- d) 51.075,60 euros, que se dividirán en dous pagamentos:
  - 25.537,80 euros, logo de certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente.
  - 25.537,80 euros, logo da aprobación definitiva do plan pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.



O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado seis da cláusula terceira.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción do PXOM, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos, segundo as fases establecidas no prego de cláusulas administrativas polo que se rexa o correspondente contrato de servizos para a redacción do PXOM suscrito polo concello de Monterrei. Os aboamentos parciais que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao concello de Monterrei, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

Segunda.- Modificación da Cláusula décima.- Vixencia do convenio e prórroga

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 24 de maio de 2027, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente a súa prórroga mediante addenda por un período máximo de 2 anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.



### Terceira.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### Cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

A conselleira de Vivenda e Planificación de  
Infraestruturas

O alcalde-presidente do Concello de  
Monterrei,

María Martínez Allegue

José Luis Suárez Martínez

